

# I NADAL EN CAMBRE

1. O "I Nadal en Cambre" celebrarase no pavillón do Graxal (Rúa Eduardo Pondal, Nº 3, O Temple, Cambre) os días 22 e 23 de decembro de 2021.
2. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría: sub-8, sub-10, sub-12, sub-14, sub-16 e absoluto e medallas para todos os participantes das categorías sub-8, sub-10 e sub-12.
3. Xogarase por sistema suízo a seis roldas cada categoría por separado, en caso de que haxa poucos participantes nalgunha categoría, xuntarase varias categorías. As categorías de sub-12 e inferiores comezarán sen reloxo, e as categorías sub-14, sub-16 e absoluto xogarán a 20'+3".
4. As inscricións son gratuitas e realizaranse a través do email [escolaxadrezsigras@hotmail.com](mailto:escolaxadrezsigras@hotmail.com) antes das 21:00 do domingo 19 de decembro.
5. Os xogadores deberán cumprir en todo momento o [PROTOCOLO FISIICOVID-DXTGALEGO PARA XADREZ](#) para competición (antes, durante e despois) para os axentes participantes. En caso contrario, poderán ser dados de baixa no mesmo.
6. Os xogadores deberán cubrir e remitir por email ([escolaxadrezsigras@hotmail.com](mailto:escolaxadrezsigras@hotmail.com)) a declaración de aceptación e responsabilidade, segundo modelo protocolo covid-19 ([enlace para menores de idade](#) e [enlace para maiores de idade](#)).
7. O horario do torneo será o seguinte para as categorías diferentes categorías:

	Sub-8, sub-10 e sub-12	Sub-14, sub-16 e absoluta
1ª Rolda	10:30 do 22/12	17:00 do 22/12
2ª Rolda	11:30 do 22/12	18:00 do 22/12
3ª Rolda	12:30 do 22/12	19:00 do 22/12
4ª Rolda	10:30 do 23/12	17:00 do 23/12
5ª Rolda	11:30 do 23/12	18:00 do 23/12
6ª Rolda	12:30 do 23/12	19:00 do 23/12

8. A presentación dos xogadores será media hora antes do comezo da primeira rolda de cada día (10:00 para as categorías que xogan pola mañá e 16:30 para os que xogan pola tarde). A entrega de premios será o xoves 23 ás 13:30 para sub-8, sub-10 e sub-12 e ás 20:00 para sub-14, sub-16 e absoluto.
9. A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1º resultado particular, 2º bucholz brasileiro, 3º bucholz total e 4º progresivo ata as últimas consecuencias.
10. Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.
11. Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.
12. É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.
13. Todo o non especificado nestas bases rexerese polas normas e regulamento da FIDE.
14. Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos, ...).
15. A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.
16. O torneo de categoría absoluta formará parte do [Circuito das Mariñas](#).

**ORGANIZA:**



**COLABORAN:**

